

BASES PARA O SORTEO DE 250 MOCHILAS ECOLÓXICAS ENTRE OS ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE GALICIA QUE PARTICIPEN NA CAMPAÑA "TI ES A PEZA QUE FALTA. PONLLE FREO AO CONSUMO DE BOLSAS PLÁSTICAS!"

PRIMEIRA. – Obxecto

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A, en adiante SOGAMA, empresa pública de xestión ambiental, enerxías renovables, innovación tecnolóxica e desenvolvemento sostible ao servizo da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, vai realizar, conforme ás presentes bases, un sorteo de 250 mochilas ecolóxicas entre todos aqueles escolares de educación primaria que cursen os seus estudos en centros da Comunidade Autónoma de Galicia e que participen na campaña de educación, concienciación e sensibilización ambiental "Ti es a peza que falta. Ponlle freo ao consumo de bolsas plásticas!".

A finalidade desta iniciativa é reducir o consumo de bolsas plásticas e apostar por outras alternativas máis ecolóxicas como as bolsas de tea, os tradicionais carros da compra e as bolsas de papel reciclado.

SEGUNDA. - Ámbito Persoal e Territorial

Poderán participar no sorteo das 250 mochilas ecolóxicas o alumnado de Educación Primaria dos Centros situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA. - Ámbito Temporal

O prazo de participación finaliza o 21 de marzo de 2009.

CUARTA. - Desenvolvemento do sorteo

SOGAMA distribuirá entre os centros de primaria de Galicia dípticos divulgativos que se farán chegar, de forma individual, a cada alumno/a, e nos que estes poderán recortar un cupón, similar ao incluído no Anexo I das presentes bases, co fin de participar no sorteo.

Os/as interesados/as deberán remitir este cupón orixinal a SOGAMA, debidamente cumprimentado, cos datos de contacto requiridos, así como o seu compromiso ambiental. O envío dos cupóns de participación poderá realizarse de forma particular ou ben por grupos, a través dos centros escolares, á seguinte dirección:

TI ES A PEZA QUE FALTA

SOGAMA, SA

15187 Cerceda - A Coruña

Este cupón tamén pode facerse chegar por correo electrónico á dirección: cmc@sogama.es.

Só se aceptará unha participación por estudante.

Co fin de evitar a remisión de varios cupóns por un mesmo participante, unha vez arquivados os datos de contacto facilitados polo alumnado, os cupóns recibidos serán introducidos nunha urna, que estará custodiada nas oficinas de SOGAMA.

O sorteo, celebrado ante Notario, consistirá na extracción dun total de cincocentos cupóns (dun en un). Os primeiros douscentos cincuenta cupóns extraídos serán os gañadores dos premios. Os seguintes douscentos cincuenta cupóns constituirán a lista de reserva, para os casos en que algún/a dos premiados rexeitasen o premio ou non fose posible contactar con eles no prazo dun mes. A prelación dos suplentes, dentro da lista de reserva, virá determinada pola orde na que foron extraídos os cupóns da urna.

O listado de participantes premiados farase público na páxina web de SOGAMA (www.sogama.es). Así mesmo, SOGAMA porase en contacto cos/as premiados/as por algún dos medios achegados a través dos seus datos.

Se tras sucesivos intentos e transcrido un mes, a contar dende o día seguinte da finalización do sorteo, fose imposible localizar o seu gañador, este perderá o dereito a gozar do premio, procedéndose á súa adxudicación ao seguinte suplente e así sucesivamente. Se o gañador/a ou, no seu caso, os suplentes non puidesen ser localizados, terase o sorteo por deserto.

QUINTA. – Premio

O premio que recibirá cada un dos participantes afortunados no sorteo consistirá nunha mochila ecolóxica de algodón orgánico (Tamaño 28x45x11,5 cm).

SEXTA. - Titularidad dos/as premiados/as

Co fin de confirmar a súa identidade, poderá serlles solicitado o envío de copia ou mostra do DNI ou doutro título identificativo aos participantes no presente sorteo que resultaren gañadores.

SÉTIMA. - Exención de responsabilidade

Unha vez entregado ao gañador, SOGAMA non se responsabilizará da perda, rotura ou destrución do premio.

OITAVA. - Gratuidad da participación

A participación neste sorteo é gratuíta.

NOVENA. – Exclusión

Os/as fillos/ás dos empregados/as das oficinas de SOGAMA non terán dereito a participar neste concurso.

DÉCIMA. - Datos de carácter persoal

Os datos recollidos dos cupóns de participación pasarán a formar parte dun ficheiro titularidad de SOGAMA, coa única finalidade de ordenar o sorteo obxecto das presentes Bases.

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando unha solicitude acompañada dunha fotocopia do seu DNI á dirección postal mencionada na Base Cuarta.

DECIMOPRIMEIRA. - Aceptación das Bases

A participación no mencionado sorteo supón a aceptación das presentes bases, así como a aceptación do criterio que estableza SOGAMA para resolver cantas cuestións se deriven deste.

As Bases desta promoción depositaranse ante Notario e estarán a disposición de calquera interesado/a nas oficinas de SOGAMA, situadas na dirección mencionada na Base Cuarta e no Arquivo Electrónico de Bases de Concursos (ÁBACO), accesible a través de internet, na páxina Web del Consejo General del Notariado (www.notariado.org), apartado "ÁBACO".

DECIMOSEGUNDA. - Interpretación das Bases

Para a resolución de calquera controversia ou discrepancia que puidese xurdir en canto á interpretación ou aplicación das presentes Bases, tanto SOGAMA como os participantes na promoción, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais do municipio de A Coruña (provincia de A Coruña), con renuncia expresa ao foro que puidese corresponderlles.

DECIMOTERCEIRA. - Lei aplicable

A lei aplicable á presente promoción será a española.

Anexo I

Modelo de cupón de participación




Ti es a peza que falta

Ponlle freno ao consumo de bolsas plásticas!!

Remite o teu compromiso antes do 21 de marzo do 2009 e participarás no sorteo ante Notario de 250 mochilas ecolóxicas.

○ Lisado de premiados/as farase público na páxina web de Sogama www.sogama.es

TI ES A PEZA QUE FALTA

Sogama, S.A.
Morzós, 10 baixo
15107 San Román - Eiróbas
Ourense (A Coruña)

ou por correo electrónico a: cmc@sogama.es

De todas as actividades realizadas no marco do programa de Sogama, esta é unha das actividades que se incorporan ao concurso de premios. A organización dos dalgas premios será responsabilidade de Sogama e non se poderá considerar un acto administrativo. Os participantes aceptan as condicións de participación e a organización dos premios. Os premios serán entregados en especie e non se poderá solicitar a súa devolución. Os premios serán entregados en especie e non se poderá solicitar a súa devolución. Os premios serán entregados en especie e non se poderá solicitar a súa devolución.



USAR E TIRAR

Reutilizar



Ti es a peza que falta

Ponlle freno ao consumo de bolsas plásticas!!



Compromiso

EU,

Alumno/a de

son consciente da miña responsabilidade para protexer o medio ambiente e acadar un futuro sostible para Galicia e comprométo-me a actuar responsablemente e a realizar pequenos cambios no meu comportamento diario reducindo o consumo de bolsas plásticas.

Data:

Enderezo:

Teléfono: Correo electrónico:

Os datos recollidos neste cupón poderán ser incorporados por SOGAMA aos seus ficheros automatizados. A comparación dos datos persoais dos participantes que SOGAMA se reserva o dereito de utilizar, en todo momento, para a realización de estudos de mercado e para a realización de campañas de promoción e publicidade. Os datos persoais dos participantes serán tratados de acordo coa normativa de protección de datos de carácter persoal.

Sabías que....

- Fabricada con derivados do petróleo, a bolsa plástica representa hoxe en día un gran problema ambiental pola dificultade de desfacense dela unha vez utilizada, chegando a tardar ata 100 anos en descompoer.
- Ademais, durante a súa fabricación consómense grandes cantidades de enerxía, xa que cada bolsa emite no redor de catro gramos de CO₂, contribuíndo ao efecto invernadoiro e ao cambio climático.
- Os comercios distribúen cada ano 10.500 millóns de bolsas plásticas (238 unidades por capita) o que significa preto de 100.000 toneladas de residuos dun produto derivado do petróleo, non biodegradables, cun forte impacto ambiental e perigoso para a fauna.
- Menos da metade das bolsas plásticas que se consumen volven a ser reutilizadas, e só un 10% acada ao contedor amarelo para a súa reciclaxe.
- A diminución do peso das bolsas plásticas (ata un 75%), dificulta a súa reutilización como bolsas de lixo de uso doméstico, favorecendo que viaxen arrastradas polo vento a campos e bosques, onde poden tardar varios séculos en desaparecer.
- Nos ríos ou no mar resisten ata 450 anos, afectando a fauna. De feito, ata 10.000 animais como baleas, focas ou tartarugas morren cada ano por ingestión de plásticos, que confúnden con alimento. Ademais, a súa acumulación nos fondos mariños impide o crecemento de flora.

Ti es a peza que falta

Que podes facer ...

- Reutiliza as bolsas plásticas como bolsas de lixo.
- Cando te ofrezcan bolsas, rexeita as que realmente non necesitas. As veces podes utilizar a túa mochila ou bolso.
- Cando non poidas reutilizar unha bolsa plástica, deposítala no contedor amarelo.

Resultado evidente a necesidade de minimizar o consumo de bolsas plásticas e hai moitas maneiras de axudar:

- Utiliza alternativas como as bolsas de papel reciclado ou, mellor aínda, as de tea.
- Anima aos teus pais a que viaxen á compra cos tradicionais carritos ou que leven as bolsas de casa.

Temos que facer algo...

A fin de atallar este problema, o Plan Nacional de Resíduos ten como obxectivo que, para o ano 2015, se substitúa o 70% de bolsas plásticas por outras que permitan a súa reciclaxe, é dicir, que sexan biodegradables. Este é o caso das elaboradas a partir de celulosa ou almidón de plátano, que se descompoen na súa maior parte en menos de 120 días.

Pero ti tamén podes axudar!

BOLSA RESISTENTE COA TÉCNICA DO FUNDIDO

| MATERIAIS | PALQUETA PARA PENSAR DEBES CERCAR POR TER UN VOTO MÉS LONGO? BOTALLE IMAXINACIÓN! |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - 1 bolsa resistente coa técnica do fundido - 1 papel reciclado - 1 tesoura - 10 minutos de tempo | <p>¿Por que podes facer unha bolsa resistente coa técnica do fundido?</p> <p>Resposta: É un tipo de bolsa que se descompoen en menos de 120 días e que se pode utilizar como bolsa de lixo.</p> |
| PASOS A SEGUIR | |
| <ol style="list-style-type: none"> 1 Corta a bolsa en dúas partes. 2 Ponte a traballar coa técnica do fundido. Corta a bolsa en dúas partes e pega as partes para que se unan. 3 Ponte a traballar coa técnica do fundido. Corta a bolsa en dúas partes e pega as partes para que se unan. 4 Corta a bolsa en dúas partes e pega as partes para que se unan. 5 Corta a bolsa en dúas partes e pega as partes para que se unan. | |